

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: Sala de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 11 de maio de 2026

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 12:30 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (excusa)

Marta Conde Sieira (excusa)

ORDE DO DÍA

1. Informe da presidencia
2. Análise e validación, se procede, da memoria de verificación do Programa de Doutoramento en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial

DELIBERACIÓNS

1. Informe da presidencia

O subdirector da EIDO informa de que comezaron a recibirse os informes provisionais da ACSUG para as modificacións substancias de memorias, en concreto para os PD en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo e en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns. De xeito xeral, os informes non sinalan problemas significativos nas modificacións propostas e os aspectos menores que se poñen de manifesto poden ser facilmente aclarados dende as CAPD dos programas.

2. Análise e validación, se procede, da memoria de verificación do Programa de Doutoramento en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial

Tras facer un resumo do procedemento establecido pola vicerreitoría de Titulacións para a tramitación de novas propostas de programas de doutoramento, o subdirector da EIDO somete á consideración da comisión a memoria do Programa de Doutoramento en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial indicando que a memoria completou axeitadamente procedemento e recordando como momentos significativos desta tramitación o informe inicial desfavorable da Comisión de Calidade, os informes favorables do Comité de Dirección e do Consello de Goberno da universidade e a falta de alegacións durante a exposición pública da memoria do novo título. Tras un breve debate no que se puxo de manifesto a falta de oposición académica a este novo título, a comisión acordou por asentimento validar a memoria de verificación do Programa de Doutoramento en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 11/05/2026

1. Validar a memoria de verificación do Programa de Doutoramento en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace

O presidente